Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# REVISTA ESCOLAR

Nº 42 XUÑO 2023

ANIVERSARIO 50

1973 / 2023

# ESTACIÓN VELLA






CEP CAMPOLONGO
50º Aniversario
1973/74 - 2022/23
dibay


CEP CAMPOLONGO






50








CEP CAMPOLONGO
50º Aniversario
1973/74 - 2022/23
dibay

# SUMARIO

ÍNDICE ........ 3
EDITORIAL ........ 4
PONTEVEDRA ........ 5
HISTORIA DO CEP CAMPOLONGO ........ 6
O TEU COLE NA HISTORIA ........ 8
A PREHISTORIA ........ 9
MASCOTAS ........ 10
HISTORIA DA ESCOLA EN VERSO ........ 11, 20, 35, 40, 46
ROSCOLONGO ........ 12
PRETO DAS ESTRELAS ........ 15
OUTONO ........ 16
PASIÑO A PASIÑO ........ 18
QUÉROME, QUÉREME, BEN ........ 19
DENEP – O HIMNO DA PAZ ........ 21
ENTROIDO ........ 22
XXI EXPOSICIÓN DA CAMELIA . ........ 23
DÍA DO LIBRO ........ 26
ROBÓTICA ........ 27
O DEPORTE NA ESCOLA ........ 31
PAST TENSE THROUGH THE HISTORY OF OUR SCHOOL ........ 36
OS MAIOS ........ 37
COLADA LITERARIA ........ 41
EFEMÉRIDES ........ 42
CHEF DAVID CLUB SANDWICH ........ 45
TRABALLOS DE CUARTO ........ 47
POESÍA ........ 52
LIBROS RECOMENDADOS ........ 55
SEMANA DO HUMOR GRÁFICO ........ 56
TEATRO ........ 62
ANPA ........ 64
PEDALADAS ........ 65
EXPOSICIÓN ........ 66
ORLA ALUMNADO DE 6º ........ 67
CONTRAPORTADA ........ 68


PONTEVEDRA
My Town
CHURCH
PARK
MUSEUM
PALACE
Street
RAILWAY
RIVER
PARK

# EDITORIAL

Achegamos este xornal para recordar aquelas actividades que destacaron neste ano especial, o do 50º Aniversario (1973/2023). Comezou a escola poñendo unha pancarta con torta e mascota. Axiña chegou o Magosto, a Milla coas súas medallas, e a xubilación de Olga, sempre amiga de colaborar, e en especial coa revista escolar. Máis tarde sería a quenda de Mª Gloria.

Fixemos dixital os recortes de prensa e as fotos que foron quedando polos caixóns ao longo desta morea de anos. Démoslle a benvida aos novos mestr@s, uns definitivos, outros provisionais: Gloria, Pilar, Fabiola, David Q, Eduardo, David P., Alejandra, Paula, Mª José ...

Continuamos a migrar para a páxina web os contidos espallados por varios blogs.
Fixéronse reformas que afectaron en especial a biblioteca pola incorporación do solicitado ascensor. Non foi sen tempo.

Houbo encontro con Puerto Rico, muiñeira para festexar as Letras Galegas, Roscolongo para para non esquecer a obriga de manter viva a nosa lingua . Xunto a estas, outras moitas foron enchendo os corredores con creativos traballos. Nelas destacamos, como sempre, a da sempreviva Camelia , flor de Galicia, e dende fai vinte anos, tamén de Campolongo.

Achegáronse a escola, antigas mestras: Cuca, Pirucha, Emilia, Paz Taboada ... , solicitadas pola prensa para facer un especial do 50º Aniversario. Veu a TVGA para ver como cantaban o Maio as rapazas de sexto. O Entroido foi internacional, a compañeira Fabiola organizou un encontro coa escola de Loiza (Puerto Rico). Na Semana de Humor Gráfico tivemos a grandes artistas da nosa contorna, Polo Correo do Vento, Kiko Dasilva, Anxo Fariña, Carmen Pintos, Berto Fojo e Natalia Umpiérrez. Nos Maios da Ferraría levamos o 1º premio en interpretación, xunto cos dous cuartos: o de Maio e o das Coplas. Estas foron integras do 50º Aniversario, contando anacos da historia da escola.

Queda pendente, a hora de escribir esta editorial, como últimos actos especiais, as excursións, a graduación de sexto e a Festa do 50º Aniversario.

Rematamos esta entrada desexándolle sorte , primeiro, ao alumnado de sexto, para os vindeiros anos , e segundo, ao novo Equipo Directivo que recentemente acaban de nomear para o curso 2023/24. Dámoslle as grazas a Silvia, como directora, a Sergio, como Xefe de Estudos e a Paz, como secretaria, pola labor feita durante estes dous anos que estiveron ao cargo.

Como se soe dicir, saúde e forza para tod@s, e que a escola cumpra, polo menos, outros 50 anos máis.

EDNL




# HISTORIA DO CEP CAMPOLONGO




No ano 1972, o Ministerio de Educación e Ciencia, dentro do "Plan de Urgencia para Galicia 1972", a través de "Construcciones, Instalaciones y Equipamiento Escolar", aproba a creación dun Centro Escolar en Campolongo, para impartir a Educación Xeneral Básica (EXB). A capacidade prevista para este centro é de 16 unidades.

O día 1 de marzo do ano 1972 comezaron as obras de construción do edificio que axiña se converterá nun centro piloto, destinado a introducir ensinanzas e experiencias innovadoras no ámbito da educación primaria. A data do remate das obras foi o 30 de setembro de 1972.

O primeiro curso escolar foi en 1973/74 como centro experimental , cunha distribución dos espazos adaptados para impartir sesións en macro-grupos para tratar temas xerais e cunha metodoloxía propia, impulsada pola súa primeira directora teresiana, Doña. María Jesús García Sánchez, quen pretendía introducir ao noso centro escolar a filosofía que tiñan no Colexio Somosaguas de Madrid, considerado como un dos máis vangardistas da época. Esta filosofía foi apoiada polo inspector da época D. Federico Cifuentes Pérez e baseábase en parte nos Principios Pedagóxicos da Educación Personalizada que defendía e promovía D. Victor García Hoz.



Neste primeiro curso estiveron no centro cinco coñecidos mestres, un, D. Victoriano A. Vidal Pazos, como profesor contratado durante dous anos e un trimestre do terceiro (logo marcharía a facer o obrigatorio servizo militar); outr@s , tales como Dª María Luísa Villanueva V. (Marisa), compañeira durante algúns anos (2008/20) neste centro, fixo as prácticas como profesora no curso da inauguracion do colexio. Logo temos a que foi a decana do centro, Dª Mª Elena Pardilla Santolaya, e para rematar con D. José Luís Argibay Álvarez, que traballou parte do curso como contratado. Este último aínda actual colaborador nos últimos magostos que se fixeron no centro até a chegada da pandemia do COVID que paralizou moitas das actividades que se estaban a facer. Os aquí nomeados dan fe de que se traballou moito neses primeiros anos. Recordamos que nesa época non existía a xornada única, traballábase mañán e tarde con horas de exclusiva incluídas ( xuntanzas, coordinacións, atención ós pais/nais).

Ao longo da súa posta en marcha, o centro contou con profesorado provisional en servizos especiais, a gran maioría mestres mozos e procedentes dos recentes renovados plans de estudo do Maxisterio, ata que no ano 1977, incorpóranse ó centro os cinco primeiros profesores/as definitivos/as que obtiveron a súa praza no concurso de traslados, para logo no 1978 incorporarse dezaseis novos profesores definitivos e cesando nos seus postos os provisionais. A partir desta data e ata a actualidade, a equipo do centro foise consolidando con profesores definitivos con contrastada experiencia, derivada da necesidade de ter moitos puntos de experiencia laboral para poder achegarse ás solicitadas prazas no centro da cidade.

Durante os primeiros anos de funcionamento do centro, para a formación continua do profesorado, recorreuse a prestixiosos profesores das Universidades de Madison e Stanfor de USA, así como a destacados pedagogos do momento (Postiguillo, o Padre Díaz de Rábago, ...), que impartían cursos de actualización en Campolongo.

Unha mostra do vangardismo do centro era a utilización xa no ano 1974 das novas tecnoloxías aplicadas á educación, impartíndose clases prácticas en circuíto pechado de televisión e comezando a traballar con ordenadores no centro.

Despois da Lei do 70 e coa posta en marcha da LOGSE, o centro funciona cunha liña de Educación Preescolar de tres años, outra para catro e outra para cinco anos, xuntamente con tres líñeas para toda a E.X.B., chegando incluso a catro líneas durante máis de 10 anos, o que supoñía unha matrícula de case mil alumnos. Para solucionar o problema da liña 4 optouse por eliminar a liña de preescolar do centro e coller só as 3 liñas de infantil do colexio anexo ó noso (EII Crespo Rivas). Rematou o proceso de preescolar no curso 2012-13, pasou de ser un CEIP a ser CEP . No curso 2019-20 xa non había ningún nivel con liña catro.



O cole está localizado no Barrio de Campolongo, un dos máis modernos da cidade, formando parte do parque de Campolongo, cunha longa historia pola súa relación coa antiga Estación Vella do Ferrocarril, co Río dos Gafos, cos seus Muíños, Pontes, Lavadoiros, Cuartel Militar, etc.

Actualmente funciona como un CEP (Centro de Educación Primaria) de liña tres e cunha matrícula arredor dos 450 alumnos/as e cun equipo de 35 profesores, incluíndo dous profesores especialistas en Educación Física, unha profesora en Educación Musical, catro en Linguas Estranxeiras (Inglés e Francés) e dúas de Relixión (unha delas pertencente ao noso claustro e outra compartindo docencia con outros centros). Conta tamén con especialistas en Audición e Linguaxe, Pedagoxía Terapéutica, Orientadora, ademais dos servizos dunha coidadora para atender alumnos/as con necesidades educativas especiais.



O noso centro nútrese do anexo centro adscrito EEI Crespo Rivas, separado só por un enreixado e compartindo o comedor que se atopa no CEP Campolongo. O alumnado, unha vez rematada a Primaria, ten como centro adscrito par facer a Secundaria e o Bacharelato o IES Sánchez Cantón.

A actividade educativa do centro vese complementada co traballo da Asociación de Nais e Pais (ANPA) que conta cunha cifra preta ó 90% de asociados.

As instalacións contan con unha superficie aproximada de 3.500 m2, distribuídas da seguinte maneira: Edificio de Dirección-Administración cos despachos de: Dirección, Xefatura de Estudios e Secretaría; despacho de ANPA., Biblioteca, Aula de Informática e Conserxería.

b) Edificio con dezanove aulas de Educación Primaria, Titorías por niveis, aula de P.T., aula de A.L., Departamento de Orientación, Aula de Idiomas, Aula de Audiovisuais, Sala de Usos Múltiples e Sala de Profesores.

c) Edificio anexo utilizado como comedor. Antes eran 3 aulas de Educación Infantil.

d) Edificio para Actividades Deportivas (Pavillón e Patio Cuberto).

e) Vivenda do Conserxe (actualmente utilizada como almacén)

f) Parque infantil.

g) Patios de recreos e deportes.

h) Pistas polideportivas exteriores de uso compartido co veciñanza.

ANIVERSARIO 1973 / 2023

**Equipos de Dinamización da Lingua Galega**











Na Exposición "O teu cole na historia" Carlos, o de Polo Correo do Vento, falounos da mestra Aurora de Campolongo, do atleta Hermida, das pegas de Campolongo, do Pazo, das Pistas de atletismo. Podes ler máis na web

ANIVERSARIO 1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

# A prehistoria

Os alumn@s de cuarto estivemos investigando sobre a vida dos nosos ancestros.
Fixemos diferentes exposicións orais para explicar o moito que sabemos e o ben que falamos na nosa lingua.
Deseñamos e creamos as nosas ferramentas paleolíticas e mesmo nos atrevemos coa arte rupestre.



Fixádevos que ben quedaron os nosos traballos!



Somos uns verdadeiros artistas.



Encántanos traballar en equipo!

E a vós?

# Mascotas 50º Aniversario










Non fai nada doado escoller a mascota que ao longo do curso nos acompañaría para anunciar as actividades deste 50º Aniversario. A gañadora foi a de Jaime A. B. (4ºA).

# ANACOS DA HISTORIA DA ESCOLA CONTADA POLO MAIO 2023 - I

Somos os de Campolongo
xente da Vella Estación
achegamos este Maio,
nesta enxebre tradición.

Sente pompa e fogaxe
cando chega a Ferraría
vén florido no seu carro
rezumando ardentía.

Leva ovos, leva rosas,
e coroa na cimeira,
as laranxas e os pampillos
e unha copla retranqueira.

Xa chegamos aos cincuenta,
estamos de aniversario
cantaremos vellos contos
repasando o calendario.

Imos antes a contar,
que hai cantigas parir,
a manchea de historias,
non paran de concibir.

Por suposto máis de cen
non irán neste tinteiro,
as movidas na escola,
non atinan nun carreiro.

Vese outra novidade,
onde hai moitos enlaces,
no QR destas coplas,
para textos con imaxes.

Comezamos co ladrillo,
no ano **setenta e dous,**
é a data de remate,
conta a placa que quedou.

Pariunos a ditadura
no ano **setenta e tres**
directora teresiana
profesores cento tres.

Unidades dezaseis
debuxadas no seu plano
tiña lévedo o papel
e medraban cada ano.

Con didáctica especial
principiou sendo piloto,
grandes grupos, conferencias,
e nas misas algún voto.

Como estrelas fugaces
mudaban os profesores
con sistema de elección
de padriño ou con flores.

Este grande movemento
provocou indignación
e formouse no colexio
a primeira asociación.

Pose, Carlos, Serafín,
con Ramón e Vitoriano
dous Antonios e un Manuel,
son os mestres daquel ano.

Chus, Pilar, Elena e Rosa ...
foron das mestras primeiras
Isaura, Carmen e Auroras,
tamén foron pioneiras.

Azucena e Pepita,
Ángeles e Marisol
con Dolores e Luísa
engádense neste crisol.

Julia, Paz, Laredo e Dios,
forman parte deste elenco,
outros nomes non están,
foron chispas do evento.

Comezamos con seiscentos
era Escola Nacional
aulas preto de cincuenta
semellaba racional.

Un de sétimo, sen oitavo,
catro cursos en primeiro,
tres de sexto e segundo
cos de cuarto e terceiro.

Fixéronse actividades,
desta primeira edición,
comedela, xogo e misa
para dar a bendición.

Do enredo universal
temos fotos dos atletas,
o branco e o amarelo
era a cor das camisetas.

Santi, Saha, Curri e Jaime,
José Jorge e Penedo,
o "Petete" e Santiago
forman parte do enredo.

Semellou algo castrense
a excursión a Figueirido,
o Cuartel de Campolongo
sentiuse agradecido.

Foi na zona do Espincelo
o primeiro festival,
colaborarou O Apostol,
no antigo castañal.

Despois de tres duros anos
levaron á directora,
para o Príncipe Felipe,
\`cidade´ locomotora.

No ano **setenta e oito**
entregouse unha PEPA
de portada un león
e por dentro moita letra.

Comezaron **os oitenta**
con carreira popular
inaugurando en Rande
a ponte espectacular.

Seguían os campionatos,
agora de balonmán,
Pontevedra é canteira
Campolongo vai da man.

Pasaron por discotecas
algunhas celebracións
o Entroido foi en EQUUS,
moita troula e cotillóns.

Arrincaba coa década
a revista Esperpento,
estudando a Valle Inclán,
o xornal foi crecendo.

Nas saídas Corrubedo
tivo moita aceptación,
Santiago e A Coruña
tamén eran adición.

No Nadal do **oitenta e seis**
acordou a gran nevada,
Pontevedra segue a espera,
doutra enxebre nevarada.

Nas Festas de San Xosé,
repicaban as pesetas,
dous millóns facían falta
pra bailar con pandeiretas.

ANIVERSARIO 50

1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

CEP CAMPOLONGO PONTEVEDRA

# O ROSCOLONGO

Este ano académico foi a actividade máis destacada do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Aquí tendes todas as preguntas por se queredes xogar en familia ou cos amigos.




































CONTÉN O G

Cousa que se agasalla

COMEZA POR G

Tira de tecido con flores e follas, en forma de onda ou de coroa, que se usa de adorno.

COMEZA POR H

Instrumento musical de vento que soa ao facelo escorregar sobre os labios.

COMEZA POR H

Primeiro apelido da parella do escritor Fernández del Riego

COMEZA POR I

Alimento que se fai con leite e fermentos. Pódese tomar con culler ou bebelo.

COMEZA POR I

Respirar con dificultade a causa da fatiga,a calor, etc

COMEZA POR L

O sol chámase...

COMEZA POR L

Facer comentarios favorables sobre unha persoa salientando as súas calidades.

COMEZA POR M

Verme de corpo longo, brando e cilíndrico de cor rosada que vive na terra en lugares húmidos.

COMEZA POR M

Substancia preparada para curar algunha doenza ou enfermidade.

COMEZA POR N

Aspirar fortemente polo nariz emitindo un son característico, por ter algunha molestia ao respirar, por ter catarro, ao chorar etc.

COMEZA POR N

Zona da perna onde esta se articula co pé

CONTÉN O Ñ

Sentimento e estado de ánimo melancólico e depresivo, en particular o causado pola nostalxia da terra.

CONTÉN O Ñ

Canción popular de tema relixioso, que se canta polo Nadal.

COMEZA POR O

Herba olorosa perenne, de follas pequenas ovadas e flores brancas ou rosadas en espiga, moi usada como condimento.

COMEZA POR O

Líquido amarelo que se forma nos riles, se acumula na vexiga e se expulsa posteriormente pola uretra.

COMEZA POR P

Volta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chan e deixándose caer sobre o lombo.

COMEZA POR P

Molusco mariño sen cuncha de oito tentáculos que está boísimo cociñado á feira.

COMEZA POR Q

Parte da cara que está entre a boca e o pescozo, especialmente a punta en que termina.

COMEZA POR Q

Apelido do violinista que aparece na plaza de San José














































Se as respostas queredes comprobar, na páxina web do cole teredes que buscar.

# Perto das estrelas








4ºB



3ºB



3ºC

A primeiros de outubro algúns grupos tivemos a sorte de gozar no centro do espectacular Planetario móbil de Íñigo de la Quadra Salcedo. Fillo do famoso aventureiro da ruta Ruta Quetzal.

Achegámonos visualmente aos nosos astros, o Sol, a Lúa, aos planetas do sistema solar, á nosa galaxia a Vía láctea ... Como sempre, as cousas do universo sempre nos deixan pasmados do inmensidade do mundo.

# Traballos do outono I



















ANIVERSARIO 50

1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO

# Traballos do outono II














Poesías, traballos moi creativos e receitas de cociña foron para os máis pequenos unha das actividades deste outono caloroso que tivemos.

ANIVERSARIO 1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO

# Pasiño a pasiño… Comeza a aventura!

Aquí vos deixamos algunhas das actividades nas que participamos os nenos e nenas de **1ºC** e que afrontamos con tanta ilusión.




CORRELINGUA



COMPETICIÓN DE BUXAINAS



VISITA AO PARQUE DE BOMBEIROS



"NON HAI MELLOR FRAGATA CA UN LIBRO"

Emily Dickinson











ANIVERSARIO 50 1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

CEP Campolongo

# Quérome, quéreme, ben




















# ANACOS DA HISTORIA DA ESCOLA CONTADA POLO MAIO 2023 - II

Recordouse nunha Festa,
a orixe  do lugar,
Campolongo de Salcedo,
usurpada polo azar.

Requisar unha das patios,
quixeron **polos noventa,**
o alzamento popular,
organizouse a mantenta.

Houbo folgas e xuízos,
e tamén concentracións,
acosouse a Cuíña,
cando foi das eleccións.

Acordouse unha piscina
coa cuberta para a escola,
foron trescentos millóns,
as pesetas sen a esmola.

Polos roubos  e as desfeitas
os problemas continuaron,
a limpeza e o conserxe,
foron puntos que estimaron.

Novas folgas na palestra,
catro días sen escola,
sanidade fai listado,
e a luz ponse na cola.

Pintouse algún mural
na zona de preescolar,
outros foron de excursión,
á Barcelona do mar.

Foron sete as medallas
que trouxeron as atletas,
no galego e provincial,
despregaron as corvetas.

Os do fútbol infantil,
ían gañando primeiro,
comezaron con bo pé,
remataron no lameiro.

Campolongo inclinouse
pola única xornada
renovou con maioría
aos tres anos de probada.

Mortadelo e Axterix
gañaron na Biblioteca,
foron os libros máis lidos
segundo a hemeroteca.

Ascendeu a primeira
comentaba o alumnado
xa o fixera nos setenta
este Teucro ben armado.

O ruído polas festas,
o aparcadoiro da zona
o desastre de Aznarcóllar
nas estrofas tiñan sona.

As ausencias do  conserxe,
o perigo dos bambáns,
a falta  de policía
crearon a Pipicán.

A revista dezaseis
levou cento doce páxinas
o encoro e a empacadora
destacaban  como tráxicas.

Despois de bastantes  anos
expirou o noso chopo,
foi un novo temporal
que o deixou feito cachopos.

Naceron novos proxectos
como o de  Plantando Vida,
sementouse natureza,
apreixando  a súa benvida.

Con visitas estelares,
iniciamos **o dous mil,**
a de Pratos Combinados
achegouse moi servil.

Xubilouse neste chanzo
unha  mestra veterana,
entrou no setenta e tres,
era  Elena a decana.

Xunto a ela foi Teresa,
que fixo case de todo,
entrou no setenta e sete,
e participou no coro.

Era o ano **dous mil dous,**
o Prestige entra na escola,
recordamos as desfeitas,
o dos fíos era trola.

Arranxaron os xardíns,
no trinta aniversario
viñeron de Lourizán,
por orde do mandatario.

Até agora foran preitos,
os que saían na prensa,
coa chegada do 'Insigne'
a parola foi máis densa.

Co tema do Xacobeo,
prendeu o da Camelia,
concursos e exposicións,
son en marzo unha pandemia.

Houbo música e teatro,
convivencias cos da Lama,
paseos por Pontevedra,
cos de Hío e Cabanas.

O Concello con Beléns,
San Xosé coas súas Festas,
nós en todos os concursos,
sempre houbo  recompensas.

As cancións dos meus nenos,
foi un fito musical,
Campolongo foi o berce,
desta idea orixinal.

Elena, Ruth, Blanca e Sara
todas foron ao Luar
cantaruxaron a coro
xunto con  Laura e  Mar.

**Dous mil cinco e os maios**
teñen unha relación
primeiras coplas rexistradas,
de Peregrina unha paixón.

Celebrou o Crespo Rivas,
vinte e cinco aniversario
con música, unha comida,
e unha charla no teatro.

Foi tamén por estas datas
a entrada na UNESCO,
as Escola Asociadas,
tiñan sona de aire fresco

Comeza unha campaña
para destapar o río
Campolongo toma parte,
apoiando o griterío.

Imos polo **dous mil seis,**
comezan extra-escolares,
ábrense a novas escolas,
para máis actividades.

O pregoeiro das Festas
foi o director da centro,
destacamos a historia
da pota coa galiña dentro.

Os problemas continúan
pola falta do bedel,
polos baños da escola,
houbo denuncia tamén

Evacuóuse o colexio,
por conato de incendio,
achegáronse os bombeiros,
e puxeron o remedio.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

ANIVERSARIO 1973 / 2023

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

# DENEP





## HIMNO DA PAZ

1ª

Somos irmáns das estrelas,
destas montañas do mar,
de tódolos seres vivos,
dámonos para cantar
as mans nosas, escolantes
de amor, non violencia e paz.

2ª

Sen diferenzas de raza
de lingua nin de pensar,
nunha aperta fraterna,
dámonos para cantar,
nosos peitos, coa forza
do amor, non violencia e paz.

3ª

Os defensores da vida
sen armas para matar,
os cidadáns deste mundo
dámonos para cantar
o alento, mensaxeiro
de amor, non violencia e paz.

4ª

Somos da vella estación,
estamos de aniversario
coa fresca auga do Gafos,
dámonos para cantar,
arelas rexas, pactos
de amor, non violencia e paz.





No DENEP, decoramos o enreixado do cole con palabras relacionadas coa PAZ, e logo cantamos un dos himnos que hai para este evento. A este engadímoslle unha estrofa anunciando o 50º Aniversario: “Somos da Vella Estación, estamos de aniversario, coa fresca auga do Gafos, dámonos para cantar, arelas rexas, pactos de amor, non violencia e Paz”

ANIVERSARIO 50 1973 / 2023

**Equipos de Dinamización da Lingua Galega**

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA
















Os Mandadiños e as Pantallas de Xinzo de Límia protagonizaron O Entroido 2023. Este personaxe aparece o domingo previo ao entroido durante o denominado "Domingo Corredoiro" facendo ruído e golpeando dúas vexigas de vaca. A súa máscara ou pantalla contén a imaxe da cara do demo con cornos

EDNL

ANIVERSARIO 1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia









Prendeu co Xacobeo alá no 2002/2003 e agora xa non só é a flor de Galicia, senón tamén de Campolongo. Xa o dicía Fernández del Riego. Como novidades este ano a Deputación creo o Xardín "Camelias con nome de muller"



# CAMELIAS II






O alumnado de 3º coa súa locomotora, tirando de 50 vagóns cheos de camelias neste 50º Aniversario da escola. Rematan dicindo "Sigamos esta exitosa andaina". Arriba o alumnado de 5º fixeron unhas preciosas figuras, todas con moito colorido.

# CAMELIAS III



Traballos de 6ºC



6ºA


4º

ANIVERSARIO 50 1973 / 2023 Equipos de Dinamización da Lingua Galega Bibliotecas escolares de Galicia C.E.P. CAMPOLONGO

# DÍA DO LIBRO - BOOK FACE









***Completa as frases coas palabras que están enriba:***

**alma, corazón, cerebro, amigo**

Un libro aberto é un ................ que fala; un libro pechado, un............... que espera; un libro olvidado, unha ........... que perdoa; e un libro destruido, un ...................... que chora.

**nave, libro, viaxar**

Para lonxe ............ non hai mellor ................... ca un ..........

**sabia, rojas, bo, ti**

Un ......... libro é unha voz ........... xunto a

# ROBÓTICA EN 4º DE PRIMARIA

Os alumnos e alumnas de 4º de primaria aprenderon a programar, a través do xogo, con LEGO WeDo 2.0. Grazas a estes simpáticos robots os nenos e nenas de 4º iniciáronse na programación e robótica de forma natural e divertida, con aplicacións reais que eles e elas mesmas construíron. Algunhas das súas creacións foron:







ANIVERSARIO 1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO

# O DEPORTE NO COLE

## O MAGOSTO

No mes de novembro tivo lugar o tradicional magosto onde se fixeron varias estacións onde todo o alumnado poido disfrutar dun circuito de xogos populares e tradicionais ao longo da mañá e rematando co tirasoga entre os diversos cursos. Despois dos xogos disfrutouse dunha castañada feita por algúns mestres e coa colaboración da ANPA.



Alumnado de 6º curso decorando o patio.



Mestres asando castañas.



Un momento final do sogatira

## A GRAN TROMPADA

Na primeira semana de decembro, realizouse a trompada onde os nenos/as mostraron as súas habilidades co trompo e algún e algunha parecía ser todo un experto/a dominando o trompo.



Momento da trompada.

EF




# A MILLA

Este ano celebrouse o DENEP con cancións, manifesto, himno … e tamén cunha pequena carreira, a `Milla da Paz´, nela cada corredor levaría dous agasallos, unha pegatina dun dos Nóbeles da Paz que foron homenaxeados durante os anos do 50º Aniversario do Cole (1973/2023) e unhas medallas conmemorativas do 50º Aniversario.



Alumnado de 2º chegando a meta.



Compañeiros/as disfrutando e animando.



As corredoras saudando.




As medallas conmemorativas do 50º aniversario.

EF

# LIGA DE BÁDMINTON

Os mestres de educación física levaron a cabo unha liga nos cursos de 5º e 6º durante o segundo trimestre celebrando as finales entre os gañadores de cada aula do seu curso. Houbo medallas e entrega de diplomas para os finalistas de cada curso.



Finalistas individual de 5º curso



Finalistas individual de 6º curso



Finalistas dobres de 5º curso



Todos os finalistas cas súas medallas e diplomas.



Medallas para os gañadores.

EF

# LIGA DE DATCHBALL



Equipo ganador de 6º C e 3º clasificado final.

As tres aulas de 6º curso fixeron a liga de Datchball cunha gran final entre os equipos gañadores de cada aula quedando como ganador final o equipo campión da aula de 6º B.



Equipo ganador de 6º A e 2º posto final



Equipo ganador de 6º B e ganador final de 6º curso.



Os tres equipos de 6º curso xuntos.

EF

ANIVERSARIO 1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO

# 50 ANOS – 50 XOGOS

A finais de maio e dentro das múltiples actividades relacionadas co 50º aniversario do colexio, celebrouse unha actividade formada por 50 xogos onde todo o alumnado do centro pasaría unha mañá de diversión.

Destacar que se contou coa colaboración de Monitores do TSEAS do IES Sánchez Cantón que se encargaron de controlar e levar a cabo o xogo.








EF

ANIVERSARIO 50 1973 / 2023

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

# XOGANDO A DESCUBRIR PONTEVEDRA

IES SÁNCHEZ CANTÓN









O IES Sánchez Cantón segue a colaborar connosco tamén deportivamente coa a actividade "Xogando a coñecer Pontevedra". Anímate e intenta resolver ti as preguntas facendo o percorrido coa axuda do mapa.

1 - Que función cumpre este edificio? Cantos escalóns hai que subir para acceder á entrada?
2 - Que dúas rúas se xuntan nesta praza? A que personaxe está dedicada esta estatua?
3 - Que persoa famosa viviu nunha casa desta praza? Que nome recibe a praza?
4 - Que acción está realizando a estatua situada aquí? Como se denomina o edificio público que vedes dende esta posición?
5- Cantos botóns ten a chaqueta desta estatua? Que nome recibe a praza?
6 - Cantos focos hai dentro desta fonte? En que rúa estades?
7- Cantos quioscos hai nesta praza? Que nome recibe a praza?
8- Como se chama esta praza? Cal é a lenda que rodea esta fonte?
9- Por cantos pasos de peóns podes saír da zona central da praza? Que nome recibe esta praza?
10- Que nome recibe a praza? Que instrumento musical aparece no conxunto escultórico?

EF

# MEDALLISTAS NOS SEUS CLUBES


















Aquí temos algunhas das grandes promesas do noso deporte que están a triunfar nos seus clubes: Diego B. en atletismo, Daniela F. E Daniela O. En Ximnasia Rítmica e María M. En fútbol. Faltan moit@s máis xa que non están todos os que son nin son tod@s as que están.

EF




# ANACOS DA HISTORIA DA ESCOLA CONTADA POLO MAIO 2023 - III

Visitounos Xavier Blanco,
dous mil sete veu con gaitas,
premios dentro dos concursos,
atletismo veu con tracas.

Nos carteis de Nadal
este ano houbo premio
igualando a San Xosé
en diplomas e trofeo.

Aínda temos un mural,
dunha mestra gran pintora,
debuxos e algún cadro,
Carmen Liz é autora.

Entre o sete e o oito,
debateuse o uniforme,
resolveuse o problema,
foi no curso oito-nove.

Amenizaron o curso,
Vaipolorío e Os Alegres,
con charlas e exposicións,
e con músicas enxebres.

O mural que ten os peixes,
arranxouse neste curso
trinta nen@s, dúas quendas,
remataron o debuxo.

Paseando polo Gafos,
nunha marcha educativa,
debateuse do destape,
dos terreos e da vida.

Con teatro e De La Peña,
bisavós e moita ciencia,
a escola escudriñou
varios temas con paciencia.

O mundo dos selos
foi unha exposición,
trouxo moitas historias,
que causaron sensación.

Castiñeiros e carballos
plantaron os do Concello
o alumnado de infantil
tamén puxo o seu empeño.

Coa chegada de Xabier,
colleu pulo o dos Maios,
con un carro especial
vaise a Festa por atallos.

Cantouse polas rúas
O Nadal dous mil oito,
no medio dalgún ciprés,
onde houbo moito loito.

Gómez Noya coa ONG
falounos sobre a malaria,
nós fixemos os traballos,
desta doenza urticaria.

Entramos no **dous mil nove,**
soerguemos o xadrez,
tivemos a gran portada
no diario unha vez.

Xogamos en Portugal,
no San Telmo con medalla,
presentouse en Cataluña,
na rúa xogouse a esgalla.

Co nome do río Ghafos,
creouse unha bitácora
'ene ele campolongo'
expiraba como aurora.

Pouco antes xermolara
o de Campolongoteca,
Xafi era a mascota,
deste blog da biblioteca.

Foi no ano **dous mil once,**
cando os Xogos Populares,
loan xunto co Concello
a Pintos con saudade.

Atopamos entre os vídeos,
unha obra de teatro,
Chirlo Merlo é a obra,
traballaron máis de catro.

Temos fotos deste ano,
xogando co alumnado,
na despedida de sexto,
houbo fútbol adaptado.

Con millo e con bonsáis,
e nas ciencias con diploma,
**dous mil dez e dous mil once**,
